



HTCO



MÁSTER EN VALORACIÓN,
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
SESIÓN ORDINARIA DO 07 DE SETEMBRO DE 2017**

A C T A

Ás 12:00 horas do día indicado, reúnen-se na sala común de e-meeting do mestrado os membros reseñados a continuación:

Asistentes (3):

Belén Riveiro Rodríguez, Fermín Pérez Losada e Adolfo Fernández Fernández.

Ausentes (2): Natalia Caparrini Marín e Mercedes Solla Carracelas.

ORDE DO DÍA:


1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do 11/07/2017.

Apróbase por asentimento.

2.- Aprobación, se procede, da listaxe provisional de admisión no Máster correspondente ao 2º prazo de preinscrición.

O coordinador informa que hai 14 alumnos inscritos polo que restan 6 prazas para completar o cupo de alumnado. Hai neste intre 17 solicitudes para as ditas 6 prazas polo que haberá que facer unha baremación de méritos para elaborar unha lista de admitidos. Debido a esta elevada demanda, prantéxase tamén a posibilidade de ampliar o cupo un 10% o que daría lugar a admisión de 2 alumnos máis (ata 22). Esta posibilidade fica a espera de consultas a Vigo por parte da coordinación.

O coordinador e o secretario informan dos baremos de puntuación publicados na web do mestrado. Unha vez aplicados, infórmase da lista de admitidos provisionais, aprobándose por asentimento.



HTCO



MÁSTER EN VALORACIÓN,
GESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL



Adobe Acrobat
Document

3.- Aprobación, se procede, do calendario xeral, horarios das materias, probas de avaliación e cronograma do TFM para o curso 2017-2018.

Infórmase á comisión que o calendario xa se atopa publicado na web en período de probas. Infórmase que se modificaron as datas de entrega de TFM ao titor. Neste curso académico debe entregarse ao titor cunha antecedencia mínima de 10 días antes da data de entrega para que o titor poida avalialo co debido tempo.

Apróbanse por asentimento o calendario xeral, os horarios, as probas de avaliación e o cronograma de TFM propostos.



Adobe Acrobat
Document



Adobe Acrobat
Document



Adobe Acrobat
Document



Adobe Acrobat
Document




Adobe Acrobat
Document

4.- Aprobación, se procede, do PAT para o curso 2017-2018.


Infórmase á CAM do PAT da Facultade de Historia onde se inscribe o noso mestrado. Infórmase tamén que a CAM debe asignar titor aos novos alumnos. Seguindo a liña da Facultade de asignar un titor para cada curso, propónse asignar soamente un responsable, o profesor Adolfo Fernández, para o conxunto do alumnado do mestrado. Apróbase por asentimento o titor e o PAT para o vindeiro curso.

5.- Rogos e preguntas.

Non hai rogos e preguntas



HTCO



MÁSTER EN VALORACIÓN,
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL

Ourense, a 8 de setembro de 2017

O Coordinador

Asdo. Fermín Pérez Losada

O Secretario

Asdo. Adolfo Fernández Fernández

DILIXENCIA

Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 15/11/2017.

O Secretario,

Adolfo Fernández Fernández